

**Acta núm. 23/2021.  
 Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local  
 do 2 de novembro de 2021.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

María Rosa Romero Fariña.  
 José Luis Sampedro Bouzas.  
 Sandy Marie Cebral Gómez.  
 Carlos Noya Pereira.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 2 de novembro de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 22/2021, DO 19.10.2021.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 5º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 6º) CORRECCIÓN DE ERROS.
- 7º) ROGOS E PREGUNTAS.

**PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 22/2021, DO 19.10.2021.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 19.10.2021, acta núm. 22/2021.

**SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).**

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SILVIA LÓPEZ BEN, na que comunica que vai instalar unha piscina descuberta de 26 m<sup>2</sup> aproximadamente, tipo 3B, segundo a definición do Decreto 119/2019, polo que se regulan os criterios hixiénicos sanitarios das piscinas de Galicia, no Cabo 24, Os Ánxeles.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7645812NH2474N0000XH) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia, Clave DH.W15.79312 e do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:  
 .- Situarase mínimo a 8 metros do eixe do vial e a 3 metros mínimo de tódolos lindeiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:  
 .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 250,00 euros.  
 .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.  
 Total: 314,57 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JESÚS SÁNCHEZ GONZÁLEZ, na que comunica que vai construír un peche da parcela sita en Guisande 48 – Os Ánxeles, en contacto coa

vía pública, de malla ata unha altura máxima de 1,75 metros respecto da rasante natural do terreo, situado a 4 metros do eixe do vial, e colocar dous portalóns de acceso.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 15013B505005260000MX) emprázase parte sobre un ámbito de solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2) do PXOM e parte en solo rústico séndolle de aplicación o disposto na Lei 2/2016 do solo de Galicia, situase dentro da zona de protección de leitos dun rego e sobre ela estase a construír unha vivenda que conta con licenza de obra outorgada pola Xunta de Goberno Local de data 25.10.2017.

A Xunta de Goberno Local, á vista declaración responsable presentada ante Augas de Galicia con data 20.10.2021, clave DH.W15.79871, e do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.-O peche, na parte clasificada como solo rústico, situarase mínimo a 5 metros do eixo dos viais, segundo o artigo 92.1 da Lei 2/2016 do solo de Galicia e artigo 3.9.3 do PXOM.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 114,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 178,57 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ ANTONIO IGLESIAS BARBAZÁN, na que comunica que vai realizar as seguintes actuacións na vivenda sita en Nináns 12 – Luaña:

.-Obras interiores de conservación reformando o baño e a cociña, substituindo os acabados verticais e horizontais e colocando novo pavimento cerámico e novos azulexos cerámicos

.-Obras exteriores de colocación de nova carpintería de PVC en cor madeira para peche dun oco de fachada actualmente cuberto e que conta cunha cancela metálica.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 0549408NH2404N0001RS) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 do PXOM (NRO-1), e situase dentro do contorno de protección dun elemento incluído no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificado como LE6.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización do Servizo de Patrimonio Cultural, expediente 1305/21, e do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros coa seguinte condición :

.-A porta se executará preferentemente en madeira, ou ben en aluminio lacado nunha cor mate tradicional nas carpinterías do contorno, prohibíndose os acabados imitando a madeira.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 80,64 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 145,21 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSEFA BOISA DÍAZ, na que comunica que vai construír un peche en contacto coa vía pública de aproximadamente 30 metros lineais, con estacas e arame, na parcela sita en Chave de Ponte 19, Bastavales.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 9012304NH2491S0001RT) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- O peche situarase mínimo a 4 metros do eixe do vial e a altura será máximo de 1,80 metros, medidos desde a rasante natural do terreo.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 2,58 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 67,15 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MINIA ROJO REY, na que comunica que vai realizar obras de conservación na vivenda sita na Avda. Santa Minia 85, pintando as fachadas, para garantir as condicións de estanquidade e sen afectar á configuración arquitectónica da envolvente da edificación, nin á estrutura e instalacións.

A edificación onde se van realizar as obras (referencia catastral 6364412NH2466N0001FQ ) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC1), dentro do contorno de protección da Vivenda de 1833 e do Santuario de Sta. Minia, ambos incluídos no catálogo do PXOM coas claves identificativas BE19 e BR5, respectivamente; e, en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 65,44 euros.

Total: 65,44 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Jorge Ventura Ruiz, que di actuar en representación de DICOTEI S.L., na que comunica que vai instalar un cartel publicitario de venda, de 3x2 metros, na parcela con referencia catastral núm. 6254601NH2465S0000FF, que linda con viario de titularidade municipal, e será visible desde a estrada AG-546.

A parcela na que se pretende colocar o cartel emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº4 do PXOM (UNC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- O cartel situarase mínimo a 6 metros do eixe do vial de titularidade municipal.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 24,41 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.  
 Total: 88,98 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Manuel Vázquez Santamarina, que di actuar en representación de ÁLVARO VÁZQUEZ ARUFE, na que comunica que vai reparar a cuberta do alpendre sito en Cabanas 13 – Os Ánxeles, de aproximadamente 78 m<sup>2</sup>, substituíndo a totalidade da tella existente en mal estado por pranchas de fibrocemento e tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 5136609NH2453N0001XG) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, sendo de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 74,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 138,57 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DEL PILAR MARTÍNEZ BARCA, na que comunica que vai colocar dúas fiestras no plano do tellado da vivenda sita en Trasouteiro, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A edificación onde se van realizar as obras (referencia catastral 5268306NH2456N0001ZB ) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 7,20 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 71,77 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por NEMESIA RODRÍGUEZ VIGOY, na que comunica que vai realizar obras de conservación na vivenda sita na Avda. dos Ánxeles 47, pintando a fachada, para garantir as condicións de estanquidade e sen afectar á configuración arquitectónica da envolvente da edificación, nin á estrutura e instalacións.

A edificación onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 16,00 euros.

Total: 16,00 euros.

j) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por NOELIA PRIETO MORALES, na que comunica que vai realizar obras interiores na vivenda sita en Soigrexia 15 – Bastavales, de escasa entidade, para garantir as condicións de illamento e estanquidade, colocando un trasdós de placas de cartón –xeso e substituíndo o pavimento.

A edificación onde se van realizar as obras (referencia catastral 7313404NH2471S0001OB) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM e sitúase dentro da aldea de Soigrexia, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como XBE4, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 47,80 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 112,37 euros.

k) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Alexandre Marcos Rodríguez, que di actuar en representación de MARCOS JORGE SANTOS, na que comunica que vai realizar obras de escasa entidade na terraza da vivenda sita en San Salvador 9 - Bastavales, para garantir as condicións de estanquidade, sen afectar á configuración arquitectónica da envolvente da edificación, nin á estrutura e instalacións

A edificación onde se van realizar as obras (referencia catastral 7525407NH2472N0001LY) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 do PXOM (UC 1), e situase dentro da aldea de San Salvador, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como SBE1, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 32,70 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 97,27 euros.

### **TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para aumentar a potencia do CT.Gundín – 15AL548 de 100 a 160 kVA cunha nova saída, tendendo

un novo vano de condutor RZ 3X150AL/80ALM e un cable soterrado XZ1 0,6/1Kv 4x(1x240)Al, que partirá do apoio existente HV 1000/9 ata o apoio HV 630/9 (tamén existente) e conexión mediante dous pasos soterrados, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Rubén Fervenza Nicolás, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo o 23.03.2021, nº visado 22100421.

A actuación para aumentar a potencia discorre por solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural consolidado pola edificación séndolle de aplicación a ordenanza NRL-1, está no contorno de protección dun ben que figura no catálogo do planeamento urbanístico vixente, identificado como AE12 e sitúase dentro da zona de protección da estrada AG- 56.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización do Servizo de Patrimonio Cultural, expediente nº 2570/20, da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, expediente nº. IF204A/AC/2021/0422, da autorización da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación (expte IN407A2021/89-1), e do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 3.302,80 €, que se imputará ao aval global número 0049-1600-41-2110110292, emitido polo Banco Santander S.A. e presentado no Concello o 07/05/2021, r.e. 20210000001282.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 660,56 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 725,13 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar unha liña subterránea de baixa tensión en Lamiño 3- Brión, en condutor de tipo XZ1 0,6/1 KV, 4(1x50 Al) dende o punto de acceso á rede proxectado na beirarrúa, ata a situación da CPM a instalar polo cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizárase unha gabia dunha lonxitude total de 8 metros, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Rubén Fervenza Nicolás, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo o 25.08.2021, visado nº 22101386.

A parcela á que se pretende dar o subministro de enerxía eléctrica (ref. Catastral 15013A028000350000US) está clasificada polo PXOM como solo rústico apto para urbanizar, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016 do solo de Galicia para o solo rústico, e nela existe unha vivenda que data do ano 1983, segundo a Oficina Virtual do Catastro.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 472,46 €, que se imputará ao aval global número 0049-1600-41-2110110292, emitido polo Banco Santander S.A. e presentado no Concello o 07/05/2021, r.e. 20210000001282.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 34,49 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 99,06 euros.

#### **CUARTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Francisco Javier Amenedo Ansede, que di actuar en representación de PROVIBER PATRIMONIAL S.L.U, na que solicita licenza de segregación dunha parcela sita en Gundín – Os Ánxeles, segundo proxecto de segregación redactado polo arquitecto Francisco Javier Amenedo Ansede, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 19.10.2021, visado núm. 2106111.

#### **Descrición da parcela de orixe:**

Referencia catastral: 5242603NH2454S0001ZJ.

Superficie: 2.442,53 m<sup>2</sup> (segundo medición recente).

Clasificación: de solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-1).

Lindes:

Norte: camiño de concentración parcelaria.

Sur: camiño de concentración parcelaria.

Leste: camiño de concentración parcelaria.

Oeste: Serafina Landeira Gronzo (91)

#### **Segregación pretendida:**

##### **Parcela 1 (segregada). Cesión municipal:**

Superficie neta: 283,56 m<sup>2</sup>.

Lindes:

Norte: vial público, parcela segregada 4 e Resto matriz.

Sur: vial público e as parcelas segregadas 2 e 3.

Leste: vial público.

Oeste: parcela catastral 5242602NH2454S0001SJ, parcelas segregadas 2,3,4 e parcela Resto matriz.

Esta parcela ten o carácter de indivisible.

##### **Parcela 2 (segregada):**

Superficie neta: 573,73 m<sup>2</sup>.

Clasificación urbanística: Solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-1).

Lindes:

Norte: parcela 1 (cesión para viais públicos).

Sur: parcela Resto matriz.

Leste: parcela 1 (cesión para viais) e parcela segregada 3.

Oeste: parcela catastral 5242602NH2454S0001SJ.

##### **Parcela 3 (segregada):**

Superficie neta: 563,44 m<sup>2</sup>.

Clasificación urbanística: Solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-1).

Lindes:

Norte: parcela 1 (cesión para viais públicos).  
 Sur: parcela segregada 4.  
 Leste: parcela 1 (cesión para viais públicos).  
 Oeste: parcela segregada 2 e Resto Matriz.

**Parcela 4 (segregada):**

Superficie neta: 499,90 m<sup>2</sup>.  
 Clasificación urbanística: Solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-1).

Lindes:

Norte: parcela segregada 3.  
 Sur: parcela 1 (cesión para viais públicos).  
 Leste: parcela 1 (cesión para viais públicos).  
 Oeste: parcela Resto Matriz.

Clasificación urbanística: Solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-1).

**Parcela Resto matriz (segregada):**

Superficie neta: 521,90 m<sup>2</sup>.  
 Clasificación urbanística: Solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-1).

Lindes:

Norte: parcela segregada 2.  
 Sur: parcela 1 (cesión para viais públicos).  
 Leste: parcelas segregadas 3 e 4 e coa parcela 1 (cesión para viais públicos).  
 Oeste: parcela catastral 5242602NH2454S0001SJ.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión dos terreos de 283,56 m<sup>2</sup> ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-.Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 258,28 euros.

Total: 258,28 euros.

**QUINTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de JUAN ANTONIO VELEZ SILVA e ANA ISABEL VALERIO LÓPEZ, solicitando licenza para construír unha vivenda unifamiliar, edificación complementaria e piscina, en Lamiño 68 – Brión, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Fco. Javier Fernández Echevarría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 22.12.2020 e documentación complementaria visada o 05.10.2021 (expte. núm. 2006379).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 66639A6NH2466N0001KQ ) atópase clasificada como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:



- A obra axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Fco. Javier Fernández Echevarría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 22.12.2020 e documentación complementaria visada o 05.10.2021 (expte. núm. 2006379).
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (17 m<sup>2</sup>), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeadado público, deberán aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 17,00 m<sup>2</sup> destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 20.a da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 26 de outubro de 2021.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.519,68 euros.
  - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 205,33 euros.
- Total: 2.725,01 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Francisco Xabier Liñares Túñez, que di actuar en representación de VICENTE GARCÍA CAJUSO e MARÍA FERNÁNDEZ TRIGO, solicitando licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Mourentáns 57 – Viceso, segundo proxecto de execución asinado pola sociedade SALGADO E LIÑARES arquitectos S.L.P., visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 30.09.2021 e documentación complementaria visada o 22.10.2021 (expte. núm. 2105780).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 1672601NH2417S0001QY) atópase clasificada como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 do PXOM (NRO-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarse estritamente ao proxecto de execución asinado pola sociedade SALGADO E LIÑARES arquitectos S.L.P., visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 30.09.2021 e documentación complementaria visada o 22.10.2021 (expte. núm. 2105780).

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (177,39 m<sup>2</sup>), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística..

- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 177,39 m<sup>2</sup> destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 26 de outubro de 2021.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 3.070,14 euros.
  - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.
- Total: 3.166,17 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por María Dolores Blanco Pouso, que di actuar en representación de ROSA MARÍA GONZÁLEZ GRAELL, solicitando licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Caxusa 17 – Bastavales, segundo proxecto de execución asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 27.10.2021 (expte. núm. 2106275).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 8410109NH2481S0000IM) atópase clasificada como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarse estritamente ao proxecto de execución asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 27.10.2021 (expte. núm. 2106275).

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (37,58 m<sup>2</sup>), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorsearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

.- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 37,58 m2 destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 28 de outubro de 2021.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.040,76 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 2.136,79 euros.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por MARTA MARTÍNEZ LÓPEZ, na que solicita licenza para construír unha edificación destinada a aloxamento e mantemento de animais (cabalos) e outros, en Mourentáns Viceso, segundo proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña – Pontevedra), visado núm. 703/21.

A parcela onde se pretende executar as obras (referencia catastral núm. 15013C504006070000JO) está clasificada como solo rústico de protección agropecuaria e situase dentro da zona de protección de leitos do rego de Chavielos.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe sectorial da Consellería do Medio Rural favorable (Ref.:2021/285702), a autorización de obras de Augas de Galicia, clave DH.W15.76447,e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña – Pontevedra), visado núm. 703/21.

.- A obtención da licenza para as edificacións non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.

.- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

.- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

.- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

.- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

.- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

.- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

.- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

.- Unha vez rematadas as obras deberá presentar comunicación previa para o comezo da actividade, segundo o disposto na Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

.- Farase constar no Rexistro da Propiedade a vinculación da superficie da totalidade das parcelas catastrais á construción e ao uso autorizado, segundo o disposto no artigo 39.e) da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 631,71 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 727,74 euros.

## **SEXTO.- CORRECIÓN DE ERROS.**

a) Detectouse un erro na concesión da modificación da licenza de segregación outorgada a MARÍA ISABEL REBOREDO PARDO, SANTIAGO MOURIÑO MOURELLE e ANTONIO-PERFECTO MOURIÑO MOURELLE, pola Xunta de Goberno Local o 19/10/2021, para a agrupación e segregación das parcelas con referencia catastral 5169101NH2456N0001RB, 5169102NH2456N0001DB e 5168401NH2456N0001AB, situadas en Trasouteiro, Brión, segundo o proxecto de segregación redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra) visado núm. 651/21.

Visto o informe favorable da arquitecta municipal, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, consonte co disposto no art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, de oficio, acorda:

1º) Rectificar o erro material advertido no acordo da Xunta de Goberno Local sinalado, nos seguintes termos:

Onde di:

### **PARCELA CESIÓN 2:**

Superficie neta: 772 m<sup>2</sup>

Lindes:

Norte: na porción maior, camiño, outro camiño que separa de Maximina González Martelo (93) e PARCELA SEGREGADA A resultante deste proxecto e, na porción menor, camiño que separa de zona excluída, RESTO FINCA 92 resultante deste proxecto, PARCELA SEGREGADA B resultante deste proxecto e, en principio, PARCELA SEGREGADA C resultante deste proxecto, se ben na conclusión deste proxecto, NOVA FINCA 91-a resultante do mesmo.

Sur: na porción maior, estrada da Igrexa de Brión a Mourentáns e PARCELA SEGREGADA A resultante deste proxecto (na porción oeste).

Leste: na porción maior, camiño do lugar e PARCELA SEGREGADA A resultante deste proxecto e, na porción menor, camiño.

Oeste: na porción maior camiño e PARCELA SEGREGADA A resultante deste proxecto e, na porción menor, RESTO FINCA 92 resultante deste proxecto e terreo que se cede neste proxecto ao Concello de Brión para ampliación de viais ( PARCELA CESIÓN 1).

Debe dicir:

**PARCELA CESIÓN 2:**

Superficie neta: 772 m<sup>2</sup>

Esta parcela está formada por dúas porcións illadas entre sí: a do Leste, ou porción maior, que forma un recinto pechado; e a do Oeste, ou porción menor.

Lindes:

Norte: na porción maior, camiño, outro camiño que separa de Maximina González Martelo (93) e PARCELA SEGREGADA A resultante deste proxecto e, na porción menor, camiño que separa de zona excluída, RESTO FINCA 92 resultante deste proxecto, PARCELA SEGREGADA B resultante deste proxecto e, en principio, PARCELA SEGREGADA C resultante deste proxecto, se ben na conclusión deste proxecto, NOVA FINCA 91-a resultante do mesmo

Sur: na porción maior, estrada da Igrexa de Brión a Mourentáns e PARCELA SEGREGADA A resultante deste proxecto e, na porción menor, estrada da Igrexa de Brión a Mourentáns, camiño e RESTO FINCA 92 resultante deste proxecto.

Leste: na porción maior, camiño do lugar e PARCELA SEGREGADA A resultante deste proxecto e, na porción menor, camiño.

Oeste: na porción maior, camiño e PARCELA SEGREGADA A resultante deste proxecto e, na porción menor, RESTO FINCA 92 resultante deste proxecto e terreo que se cede neste proxecto ao Concello de Brión para ampliación de viais ( PARCELA CESIÓN 1).

**SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González